



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS "O PEIRAO"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ven de formalizar coa Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 27.03.2025 ata o 16.12.2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se ven de asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 16.03.722A.781.0, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas entidades do sector pesqueiro para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

A Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" manifesta que pretende seguir coa liña de misións comerciais que comezou en anos anteriores e, que deu lugar a que algunha das súas asociacións colaborasen con axentes do sector marítimo-pesqueiro do País Vasco e de Portugal. A Federación quere seguir afondando noutros mercados que





lles poidan resultar de especial interese para a súa profesión e explorar os mesmos na procura de oportunidades laborais para o colectivo.

Co proxecto deste ano 2025, consistente nunha misión comercial a Alacante, esta federación pretende establecer contactos cos operadores implicados e crear sinerxias que lles permitan desenvolver colaboracións a presente e futuro, ampliando coñecementos e potenciando a súa presenza en novos mercados e por ende ampliar a súa cota de mercado, fortalecendo vínculos con novos clientes e reforzando vínculos cos actuais.

A través desta misión comercial dita federación pretende a busca de acordos e ampliar coñecementos dende a perspectiva da cultura marítimo-pesqueira, que se ben ten aspectos en común, é ben certo que, dependendo da zona onde se desenvolve está dotada dunha idiosincrasia propia que suporía unha adquisición de coñecementos e técnicas novas que darían un valor engadido ao traballo das súas profesionais.

Así, a través desta acción pretenden mellorar a empregabilidade e empoderar ás traballadoras do colectivo que a integran co fin último de conseguir unha profesionalización real e efectiva.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña
(asinado dixitalmente)

